



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 23/04/2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 2º SEMESTRE DO 2024.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/06/2025. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1173

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 23/04/2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 1º SEMESTRE DO 2025.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/06/2025. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1174

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 25 de abril de 2025, o Plan económico-financeiro 2025-2026, de acordo co establecido no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita Lei, se procede á súa publicación no BOP a efectos informativos para o seu xeral coñecemento.

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE BEGONTE 2025/2026

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contido e tramitación
3. Situación actual
4. Xustificación do incumprimento
5. Medidas a adoptar para correxir a situación
6. Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias
7. Seguimento e control

1. INTRODUCCIÓN.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF), establece no seu artigo 3 que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realízase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. Nel defínese a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11.4 da LOEPSF establece que “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.

O artigo 12 da LOEPSF regula a regra fiscal “regra de gasto”, sinalando que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito hai que ter presente a obrigatorioidade de cumprir co principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

Mediante a **Resolución de Alcaldía nº 0094, de data 12/03/2025** aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2024. Con carácter previo a esta resolución e logo das actuacións do peche contable, a Intervención municipal elaborou con esa mesma data de 12 de marzo de 2025 o preceptivo informe correspondente ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, coas seguintes conclusións:

1.- AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

I.- Ingresos: Dereitos recoñecidos netos ao 31 de Decembro de 2024:

Capítulo I.- Impostos Directos.	1.217.799,87
Capítulo II.- Impostos Indirectos.	61.210,44
Capítulo III.- Taxas, Prezos públicos e outros ingresos.	549.347,06
Capítulo IV.-Transferencias Correntes.	1.703.827,73
Capítulo V.- Ingresos Patrimoniais.	0,00
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais.	0,00
Capítulo VII.-Transferencias de Capital.	881.512,43
TOTAL DE INGRESOS 2024	4.413.697,53

II.- Gastos: Obrigas recoñecidas netas ao 31 de Decembro de 2024:

Capítulo I.- Gastos de Persoal.	912.492,41
Capítulo II.- Gastos correntes en bens e servizos.	1.961.925,64
Capítulo III.- Gastos financeiros.	4.819,59
Capítulo IV.-Transferencias Correntes.	192.780,51
Capítulo VI.-Investimentos Reais.	1.244.810,43
Capítulo VII.-Transferencias de Capital.	0,00
TOTAL DE GASTOS 2024	4.316.828,58
Estabilidade Orzamentaria sen axustar	+ 96.868,95

1.- Axustes en Ingresos por aplicación do criterio de caixa .- NORMA S.E.C. 10 (Minoración dos ingresos non financeiros – antes sinalados- polo importe dos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro dos Capítulos I a III , e agregación polo importe dos dereitos recadados de exercicios pechados deses mesmos Capítulos I a III , e ingresos pendentes de aplicar ao orzamento e importe devolucións liquidación PTE).

a).- Dereitos recoñecidos pendentes de cobro (Cap. I. a III).	- 396.500,51
b).- Recadación neta exercicios pechados. (Cap. I a III).	211.063,97
c).- Ingresos pendentes de Aplicación.	14.905,70

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS AXUSTADOS..... 4.243.166,69 €.

2.- Axustes en Gastos por aplicación do criterio de devengo /NORMA SEC-10. (O principio de devengo aplicase para o rexistro das obrigas, o que implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento no que ten lugar a súa imputación orzamentaria).

Así , axustaremos esas obrigas recoñecidas cos seguintes datos:

a).- Intereses: Non se realiza axuste.	0,00
b).- Gastos /Obrigas pendentes de aplicación (Saldo da Conta 413).	500.495,28

TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS.....4.817.323,86 €.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2024 AXUSTADA :	
INGRESOS NON FINANCEIROS axustados	4.243.166,69
GASTOS NON FINANCEIROS axustados	4.817.323,86
RESULTADO	- 574.157,17

Así pois, NON SE CUMPRE CO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

2.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO.-

Conforme ao art. 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira (Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril), temos que “ A variación do gasto computable da Administración Central, as Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais , non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española “ , e a continuación sinala que “ Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas, excluídos os interese da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto non financiado con fondos finalistas”.

Ese nivel de gasto computable inicial poderá logo aumentarse ou minorarse na contía resultante dos incrementos ou minoracións permanentes de recadación derivados de cambios normativos.

Para o cálculo do gasto computable para o 2024, partiremos das obrigas recoñecidas da liquidación do exercicio anterior (Exercicio de 2023) , nos seus Capítulos 1 ao 7/Empregos non financeiros , e practicaranse as operacións anteriores.

- LIQUIDACIÓN 2023 (Capítulos 1 ao 7, deducidos gastos financeiros).	5.538.326,24
- Axustes SEC-10 Exercicio de 2023 / Gastos pendentes de aplicación	99.731,24
- Gastos financiados con fondos finalistas 2023	- 2.340.123,52
- Gasto Computable Exercicio de 2023	3.297.934,48
- Taxa de referencia de crecemento do PIB (2,6%)	85.746,30
- Incrementos Permanentes de Recadación	0,00
- LÍMITE REGLA DE GASTO Exercicio de 2024	3.383.680,78
- LIQUIDACIÓN 2024 (Cap. 1 ao 7, deducidos gastos financeiros).	4.316.828,58
-Axustes SEC-10 Exercicio de 2024/Gastos pendentes de aplicación/conta 413	500.495,28
- Gastos financiados con fondos finalistas 2024	- 1.595.483,71
- GASTO COMPUTABLE Exercicio de 2024	3.221.840,15

A vista dos datos anteriores, SI SE CUMPRE CO OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO.

3.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DA DÉBEDA.-

O artigo 13, da dita Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, de 27 de abril (LOEPSF), establece a obriga de non superar o límite da débeda pública fixado no 1,8 do PIB para o exercicio de 2020. Dado que para a Administración Local non están establecidos - en termos de ingresos non financeiros - o obxectivo de límite de débeda para este ano, resultan polo tanto de aplicación os límites que establece o art. 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

O Concello de Begonte a data de 31 de decembro de 2024, ten unha débeda pendente por operacións de crédito a longo prazo pola contía de **1.248.646,78 €**, derivado da axuda concedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo - con data de 15/11/2023 - para a financiación das obras do proxecto de “ Reforma e Ampliación do Pavillón Polideportivo de Baamonde-Begonte”, ao abeiro do Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do Patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

O importe desta débeda viva representa o **35,35 por 100** respecto dos dereitos liquidados/dereitos recoñecidos netos por operacións correntes do exercicio de 2024, que ascenderon á contía total de **3.532.185,10 €**.

CÚMPRESE CO OBXECTIVO DE LÍMITE DA DÉBEDA.

En definitiva, e á vista do anterior e tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2024, en aplicación do disposto na LOEPSF, procede a elaboración dun Plan Económico-Financeiro (PEF) que lle permita ao Concello no ano en curso (ano 2025) e o seguinte (ano 2026) o cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

Segundo o establecido no **artigo 21.2 da LOEPSF**, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto
- b) As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais, terase en conta igualmente o establecido no **artigo 116.bis.2 da Lei 7/1985**, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- a).-Supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b).-Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos.
- c).-Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d).-Racionalización organizativa.
- e).-Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f).-Unha proposta de fusión cun municipio colindante na mesma provincia.

En canto á súa tramitación, conforme ao **artigo 23 da LOEPSF**, terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- a) Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- b) Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.
- c) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.
- d) Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
- e) Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

3. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL.

3.1.- A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2024 ofrece as seguintes magnitudes:

I.- RESULTADO ORZAMENTARIO 2024.

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos. Netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario.
a. Operacións correntes.	3.532.185,10	3.072.018,15		
b. Outras Operacións non financeiras.	881.512,43	1.244.810,43		
1.-Total Operacións non financeiras (a + b).	4.413.697,53	4.316.828,58		
2.- Activos Financeiros	0,00	0,00		
3.- Pasivos Financeiros	0,00	140.000,00		
RESULTADO ORZAMENT. DO EXERCICIO	4.413.697,53	4.456.828,58		- 43.131,05
4.-Créditos financiados con Rte. de Tesourería para Gastos Xerais.			842.669,43	
5.-Desviacións de financiamento negativas.			116.822,62	
6.-Desviacións de financiamento positivas.			-180.103,47	779.388,58
RESULTADO ORZAMENT. AXUSTADO.				736.257,53

II.- ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA 2024.

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS.	1.724.260,94
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.128.928,54
- (+) do presuposto corrente	966.455,44
- (+) de presupostos pechados	1.134.048,10
- (+) de operacións non presupostarias	28.425,00
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	287.906,15
-(+) do presuposto corrente	90.531,11
-(+) de presupostos pechados	80.121,10
-(+) de operacións non presupostarias	117.253,94
4. PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN.	-8.638,10
Cobros realizados Ptes. de Aplicación definitiva	-14.905,70
Pagos realizados Ptes. de aplicación definitiva.	6.267,60
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL.	3.556.645,23
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO.	936.052,94
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA.	1.640.296,27
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.	980.296,02
V. SALDO DE OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO.	500.495,28
SALDO DE OBRIGAS POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS PTES. A APLICAR	5,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO	479.795,74

III.-AFORRO NETO 2024

Por AFORRO NETO – conforme ao establecido no artigo 53.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, se entende a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 do estado de ingresos, e as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos, minorados no importe da anualidade teórica de amortización dos préstamos pendentes de reembolso. Non se inclúiran no cálculo do aforro neto as obrigas derivadas de modificacións de crédito que foran financiadas con remanente líquido de tesourería.

- a) Os **dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos I ao V)** derivados desta liquidación do orzamento do exercicio 2024, ascenden á contía de 3.532.185,10 euros.
- b) As **obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (capítulos I, II e IV)**, derivadas da liquidación do orzamento do exercicio 2024, ascenden á contía de 3.067.198,56 euros.
- c) A **anualidade teórica de amortización**: Do/a crédito/axuda vixente concertado/concedida, o importe da anualidade teórica de amortización, resultado de dividir a totalidade da mesma polos 8 anos de prazo de devolución, sería de 173.580,85 euros.

En definitiva, o estado financeiro de **Aforro neto** (Diferencia entre os dereitos liquidados por operacións correntes dos capítulos I a V do Estado de ingresos e as obrigas recoñecidas dos capítulos I, II e IV do Estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización dos préstamos concertados, mostra a seguinte ratio:

AFORRO NETO: $(3.532.185,10 \text{ €} - (3.067.198,56 \text{ €} + 173.580,85 \text{ €})) = \underline{\underline{291.405,69 \text{ €}}}$.

Dito aforro neto representa o 8,25 por 100 dos dereitos liquidados correntes.

4. XUSTIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO

A situación de incumprimento da estabilidade orzamentaria coa liquidación do orzamento do exercicio de 2024 ven motivada polos seguintes factores:

4.1.-A utilización durante o exercicio de 2024 do remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio de 2023 na contía total de **842.669,43 €**, coa seguinte distribución:

- Expte. 2024, M.C. nº 3, de Incorporación de remanentes, por importe de 55.926,64 €.
- Expte. 2024, M.C. nº 4, de Concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, por importe de 233.460,00 euros.
- Expte. 2024, M.C. nº 12, de Concesión de créditos extraordinarios e de suplemento de créditos por importe de 248.056,89 euros.
- Expdte. 2024, M.C. nº 15, de Concesión de créditos extraordinarios e de suplemento de créditos por importe de 158.845,90 euros.
- Expdte. 2024, M.C. nº 16, de Concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de créditos por importe de 146.380,00 euros.

Este mecanismo de financiación provoca que ditos ingresos que teñen a consideración de ingresos financeiros, en canto entran polo Capítulo 8, sen embargo financian gastos derivados da execución dos Capítulos 1 a 7, é dicir, son gastos non financeiros (gastos correntes e de capital), o que vai xerar un déficit, e por tanto, a necesidade de financiación en termos de estabilidade presupostaria.

Se descontamos estas obrigas financiadas con RLTX no ano 2024, teríamos un superávit de 268.512,26 €. A Corporación, polo tanto, cumpriría o obxectivo da estabilidade.

Imos examinar o resultado orzamentario – para o que se toman en consideración eses capítulos 1 a 7 tanto do estado de ingresos como do estado de gastos, dos exercicios anteriores de 2021 a 2023, para ver a situación de partida:

RESULTADO ORZAMENTARIO DE 2021.

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos. Netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario.
a. Operacións correntes	3.111.106,88	2.573.012,41		
b. Outras Operacións non financeiras.	469.813,61	754.894,28		
1.-Total Operacións non financeiras (a + b).	3.580.920,49	3.327.906,69		
2.- Activos Financeiros	0,00	0,00		

3.- Pasivos Financeiros	0,00	0,00		
RESULTADO ORZAMENT. DO EXERCICIO	3.580.920,49	3.327.906,69		253.013,80
AXUSTES:				
4.-Créditos financiados con Rte. de Tesourería para Gastos Xerais.			594.883,32	
5.-Desviacións de financiamento negativas.			160.973,25	
6.-Desviacións de financiamento positivas.			-135.044,19	620.812,38
RESULTADO ORZAMENT. AXUSTADO				873.826,18

RESULTADO ORZAMENTARIO DE 2022.

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos. Netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario.
a. Operacións correntes	3.427.188,72	2.881.310,55		
b. Outras Operacións non financeiras.	767.064,31	1.279.604,56		
1.-Total Operacións non financeiras (a + b).	4.194.253,03	4.160.915,11		
2.- Activos Financeiros				
3.- Pasivos Financeiros	0,00	0,00		
RESULTADO ORZAMENT. DO EXERCICIO	4.194.253,03	4.160.915,11		33.337,92
AXUSTES:				
4.-Créditos financiados con Rte. de Tesourería para Gastos Xerais.			921.992,58	
5.-Desviacións de financiamento negativas.			274.780,10	
6.-Desviacións de financiamento positivas.			201.861,57	994.911,11
RESULTADO ORZAMENT. AXUSTADO				1.028.249,03

RESULTADO ORZAMENTARIO DE 2023.

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos. Netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario.
a. Operacións correntes	4.184.604,54	3.545.404,20		
b. Outras Operacións non financeiras.	1.234.855,60	1.992.922,04		
1.-Total Operacións non financeiras (a + b).	5.419.460,14	5.538.326,24		
2.- Activos Financeiros	0,00	0,00		
3.- Pasivos Financeiros	1.388.646,78	0,00		
RESULTADO ORZAMENT. DO EXERCICIO	6.808.106,92	5.538.326,24		1.269.780,68

AXUSTES:				
4.-Créditos financiados con Rte. de Tesourería para Gastos Xerais.			1.168.603,90	
5.-Desviacións de financiamento negativas.			136.624,40	
6.-Desviacións de financiamento positivas.			1.658.011,00	- 352.782,70
RESULTADO ORZAMENT. AXUSTADO				916.997,98

É dicir, estamos diante dun **déficit conxuntural** e non estrutural e este concello si ten, a xuízo desta intervención, a capacidade financeira para consumir aforros prudentes manifestados a través do remanente de tesourería, sen que por elo se vexa afectado o cumprimento das regras fiscais establecidas na LOEPFS.

O remanente de tesorería, tería natureza de aforro que xenera unha entidade local nun exercicio pola obtención de maiores ingresos orzamentarios sobre as obrigas recoñecidas, de forma que ese aforro pode ser utilizados como fonte de financiamento de obrigas en exercicios posteriores naquel no que se obtivo.

Así, lexos de admitir que o uso do remanente por unha entidade local sexa determinante duna situación de déficit estrutural, debe identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, por canto é froito dun aforro que permitirá a esa entidade o financiamento de parte dos gastos de outros exercicios sen ter que acudir a recursos financeiros aportados por terceiros.

Á vista do anterior, como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria, este Concello aprobará un PEF conforme á LOEPSF tendo en conta que o incumprimento responde a unha situación temporal, sen que poida avaliarse como déficit estrutural.

5.- MEDIDAS A ADOPTAR. Acreditadas as causas do incumprimento da regra da estabilidade presupostaria, as medidas propostas para conseguir o cumprimento da mesma e volta á senda da estabilidade no actual exercicio 2025 e no ano 2026, son as seguintes:

- Incrementos permanentes de recadación, nomeadamente dos ingresos correntes que dependen da Entidade Local, mediante a modificación das súas ordenanzas fiscais.
- Limitar ao máximo, e en todo caso con cautela, a utilización nos anos 2025 e 2026 do Remanente de Tesorería para gastos xerais como mecanismo de financiación de gastos, e en caso da súa necesidade asegurar o cumprimento das regras fiscais.
- Contención do gasto e procurar a realización de inversións que teñan asegurada na súa maior parte a financiación por parte doutras administracións públicas.
- Aprobar o orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria é a regra do gasto, xestionando coa máxima atención o cumprimento destas regras,

Na medida relativa ao incremento de ingresos correntes, sinalar que xa no ano 2024 se acordou polo Pleno con datas de 5 de abril de 2024 e 25 de outubro de 2024 a **modificación das seguintes ordenanzas fiscais:** **Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana** (Incremento do tipo de gravame pasando do 0,55 ao 0,65, cunha previsión de incremento de recadación de 100.000 €), **Imposto sobre Actividades Económicas** (Incremento do coeficiente de situación pasando do 1,50 ao 1,75, cunha previsión de incremento de recadación de 42.800,00 €.), **Taxa pola administración de auga** (modificación das tarifas cunha previsión de incremento de recadación de 73.000,00 €), **Taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos** (modificación das tarifas cunha previsión de incremento de recadación de 128.000 €) e **Taxa por rede de sumidoiros e depuración de augas residuais** (modificación das tarifas cunha previsión de incremento de recadación entorno aos 15.000,00 €).

Estes incrementos permanentes de recadación – consecuencia das modificacións das ordenanzas fiscais antes sinaladas – e que se cuantifican na cantidade total de 358.800,00 € xa se recollen no orzamento de 2025, que foi aprobado polo Pleno con data de 19 de novembro de 2024.

6.-PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS

Con base no orzamento e liquidación de 2024 e á vista por un lado das modificacións das ordenanza fiscais xa aprobadas, e en consecuencia dos incrementos permanentes de recadación, e demais medidas previstas a acometer, e por outro das previsións dos gastos - baixo as premisas do incremento dos porcentaxes permitido para os vindeiros anos - temos o seguinte escenario de previsión orzamentaria para o período 2025-2026:

– Estabilidade orzamentaria:

Exercicio	Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Capacidade/necesidade de financiación
2025	3.834.154,00	3.684.154,00	+ 150.000,00
2026	3.910.837,00	3.750.837,00	+ 160.000,00

CONCLUSIÓNS:

- Sobre a necesidade do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, vendo a tendencia dos últimos exercicios, e coa adopción das medidas previstas neste P.E.F. (algunha delas xa se puxo en marcha como é o incremento permanente de recadación, nomeadamente dos ingresos correntes), a utilización con cautela do remanente de tesorería e o control axeitado do gasto, se prevé que o Concello de Begonte volva á senda do superávit.
- Respecto da Evolución da débeda, sinalar que existe actualmente una débeda viva neste concello por un importe de 1.248.646,78 €, derivada do anticipo concedido polo IGVS para a financiación das obras de “Reforma e Ampliación de Pavillón Polideportivo Municipal”, e considerando que non está previsto a concertación de mais operacións de crédito, se entende que se seguirá cumprindo co límite da débeda.
- O resultado orzamentario axustado – como se reflexa nos datos recollidos neste informe, foi positivo nos últimos anos, polo que se prevé que o seguirá sendo nos vindeiros exercicios.

7.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

O presente Plan económico financeiro de obrigada elaboración como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do exercicio de 2024, se presentará pola Alcaldía ao Pleno municipal para a súa aprobación no prazo máximo de 2 meses e a posta en marcha no prazo de 3 meses.

O control será realizado polo órgano de Tutela Financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención anuais (aprobación do orzamento, liquidación...) e trimestrais (de remisión de información económica-orzamentaria) nos que se poñerá de manifesto si se estan a cumprir os obxectivos marcados.

Begonte, 29 de abril de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1175

BÓVEDA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 2º trimestre do exercicio 2023.

Por Resolución da Alcaldía, n.º: 2025-0232, de data 25/04/2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga, Rede de Sumidoiros, Recollida de Lixo e Canon da Auga, correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 30 de abril de 2025 ao 30 de maio de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-

administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 28 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 1176

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 25 de abril de 2025, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de marzo de 2025 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal, así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 1º bimestre de 2025 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de maio ao 14 de xullo de 2025. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 25 de abril de 2025.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1193

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada en data 25/04/2025 o Orzamento Xeral do Concello de Folgoso do Courel para o ano 2025, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 29 de abril de 2025.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1177

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2025 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do

día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2025, terá lugar dende o días **05/05/2025 ao 07/07/2025** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- b) Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 25 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1178

Anuncio

Acordo de Xunta de Goberno Local de 16/04/2025.

APROBACIÓN BASES REGULADORAS DO PROCESO E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE 1 FUNCIONARIO/A DE CARREIRA ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (C1). OEP 2024. EXPDTE: 292/2025.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 funcionario/a de carreira administrativo/a de administración xeral, en execución da OEP 2024 (BOP núm. 272 do 25/11/2024).

O sistema selectivo será o de oposición libre e o persoal seleccionado estará suxeito ao réxime funcional como “funcionario/a de carreira” conforme ao artigo 9 do TREBEP e os artigos 21 e seguintes da Lei 2/2015.

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, na páxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com/Emprego) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz ([https://guitiriz.sedelectronica.gal/Taboleiro de anuncios](https://guitiriz.sedelectronica.gal/Taboleiro%20de%20anuncios)). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no DOG e no BOE, e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O listado de admitidos e excluídos definitivo e a celebración do primeiro exame serán obxecto de publicación no BOP, o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web e sede electrónica do Concello de Guitiriz.

2ª.- CARACTERÍSTICAS E FUNCIONS DOS POSTOS DE TRABALLO.

As características e cometidos funcionais do posto de administrativo/a son as establecidas na ficha nº 7 (Código 7) da Relación de Postos de traballo (RPT):

* Administrativo/a de Secretaría (Ficha nº7 da RPT, código 7):

- Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- Grupo: C1
- Escala/Subescala: Administración Xeral, Administrativa
- Formación específica: No.
- Tipo de posto: Base ou non singularizado
- Nº de postos: 3

- Vacantes: 1
- Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- Progresión horizontal: SI; ata un máximo do nivel de complemento de destino do grupo correspondente.
- Nivel de complemento de destino (CD):18
- Complemento específico anual (CE): 8.221,40 euros (actualizado 2023)
- Adscrición: Sección de Secretaría Xeral, Servicio de Secretaría e Asuntos Xerais, Servicio de Contratación e Patrimonio, e Servicio de RRHH.
- Principais funcións do posto:
- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.
- Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.
- Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.
- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.
- Confección de notificacións ou comunicacións na súa materia e traslado a Rexistro Xeral para que sexan rexistradas de saída con celeridade.
- Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.
- Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).
- Específicas do posto:
- As sinaladas no artigo 167.2 e 169.1 c) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, como auxilio, trámite e colaboración en tarefas administrativas das distintas Unidades ás que está adscrito o posto de traballo, en concreto as seguintes:
- Utilización de follas de cálculo e bases de datos informatizadas, así como o mantemento actualizado das mesmas.
- Cálculo de liquidacións dos diversos tributos municipais.
- Responder as demandas de información dos cidadáns, atendendo persoalmente ao público, operando nun sistema telefónico conmutado, ou utilizando calquera outro medio adecuado para transmitir información.
- Buscar, recoller, preparar e archivar a información necesaria.
- Arquivo e recuperación de documentos en oficinas Xerais.
- Ingresar, verificar e corrixir datos e realizar consultas en computadores.
- Recepción, tramitación e contestación de avisos, queixas e suxerencias.
- Xestión do Rexistro Xeral Municipal de entrada e saída de documentos tratando que:
- Toda a documentación que entra no Concello por mostrador, por correo ou por calquera outro medio sexa debidamente rexistrada (entradas), salvo orde expresa de secretaría, alcaldía ou tenencia de alcaldía de réxime interior.
- Todas as notificacións ou comunicacións confeccionadas polos distintos Servizos ou Unidades sexan debidamente cursadas e rexistradas (saídas) con celeridade.
- Distribución e repartición diario de todos os documentos rexistrados aos Responsables de Servizo de acordo coas instrucións de secretaría, e previa supervisión de alcaldía ou tenencia de alcaldía de réxime interior.
- Xestión do taboleiro municipal de anuncios e do taboleiro de anuncios telemático da páxina web do Concello, con especial atención aos anuncios publicados no perfil do contratante do Concello.
- Atención ao público de carácter Xeral e integral a modo de Oficina Municipal de Atención ao Cidadán (OMAC), tratando de dar a máxima información posible ao cidadán en primeira instancia (solicitudes,

documentación a achegar, requisitos a cumprir, termos e prazos, etc...) coa dobre finalidade de prestar un mellor servizo ao cidadán e evitar derivarlle a outros servizos ou unidades para a obtención de información básica que podería obterse desde oficinas Xerais.

- Xestión do Padrón de habitantes e relacións e coordinación co I.N.E.
- Tramitación de todo tipo de autorizacións ou licenzas municipais que non correspondan expresamente a outros servizos ou unidades municipais (festas, ocupación de vía pública, uso temporal de instalacións municipais, mercados, taxis, animais perigosos, etc.), de acordo cos modos e procedementos de secretaría.
- Auxilio puntual e apoio a secretaría en materia de Contratación, RRHH ou Desenvolvemento Local.
- Auxilio puntual e apoio a secretaría en materia de Patrimonio ou Reclamacións ou Sancións.
- Auxilio e apoio a secretaría na redacción de notificacións e comunicacións de resolucións de alcaldía e de acordos de órganos colexiados de goberno.

3ª.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do TREBEP:

- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexilativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións e axustes razoables de tempo ou medios para as probas do proceso selectivo.
- Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

- Titulación: Estar en posesión do título de Bacharelato Superior, F.P. II, grado ou titulación equivalente, ou outras superiores.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de Dereito da Unión Europea.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.
- Ter aboadas as cantidades establecidas nas presentes bases en concepto de dereitos de exame.

Tódolos requisitos posuíranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da toma de posesión.

4ª.- INSTANCIAS

4.1.- Modelo de Solicitud.

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar solicitude no modelo oficial (Anexo II) que estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias administrativas e na paxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com).

As instancias serán dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, facendo constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañada obrigatoriamente da seguinte documentación:

- Copia do D.N.I.
- Xustificante de pago da taxa de participación.
- Xustificante da titulación esixida.
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as adaptacións de tempo ou medios das probas do proceso. Cursada tal solicitude, o Tribunal actuará de conformidade co previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en diante LPAC), os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello de Guitiriz. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga IV ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma das probas, si o texto das mesmas deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

4.2.-Taxa de participación.

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de participación de 16€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 4 que regula as taxas pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos, publicada no BOP de Lugo de data 7/01/2008.

O ingreso do importe da taxa será aboado mediante transferencia bancaria no seguinte número de conta do Concello: ABANCA ES20/2080/0122/4631/1000/0022.

- Concepto a sinalar:

“Taxa p. selectivo administrativo/a” e o DNI do/a aspirante.

Estarán exentos do pago desta taxa (artigo 9): as persoas que figuren como demandantes de emprego ó tempo da presentación da solicitude para participar no proceso de selección do persoal e presenten a correspondente certificación acreditativa de tal situación, da oficina dos servizos públicos de emprego.

As taxas só serán devoltas se o/a aspirante non é admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído/a definitivamente.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

4.3.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial do Estado.

4.4.- Medio de presentación.

As instancias serán presentadas preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal), de non poder ser farase no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.5.- Rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Os erros materiais, de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

4.6.- Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva e a exposición nos taboleiros de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello de todo o relacionado co proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún/ha aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria deberá propor a súa exclusión á alcaldía, previa audiencia do interesado, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas na solicitude de participación.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes, para os efectos procedentes.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.-Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as, así como a de excluídos/as xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Dita resolución publicárase no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica municipais.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

5.2.- Reclamación á lista provisional.

Perante o prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co previsto no art. 68.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo e formular reclamacións á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente.

5.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerárase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa polo que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as, se sinale a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición.

Dita resolución publicárase no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica municipais.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- Composición do Tribunal.

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

- Presidente/a: Persoal funcionario que se nomee do mesmo grupo de titulación ou superior.
- Secretario/a: O secretario da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: Tres vogais persoal funcionario que se nomeen do mesmo grupo de titulación ou superior.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá a realización da primeira proba da fase de oposición publicárase no BOP, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica municipais.

6.2.- Abstención e recusación do Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan. Os tribunais cualificadores poderán celebrar sesións a distancia e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto dos trámites esenciais establecidos no artigo 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

6.4.- Acordos do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde da oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos pola Lei 39/2015 (LPACAP).

6.5.- Asesores do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

6.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto nos artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría segunda e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste procedemento selectivo.

7ª.- PROCEDEMENTO SELECTIVO.

O procedemento de selección será o de oposición libre. A fase de oposición consistirá na realización de catro exames obrigatorios e eliminatorios, cunha puntuación máxima de dez puntos cada un dos tres primeiros e de apto ou non apto o cuarto.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos/as do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O sonido dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización dos exercicios, salvo en aqueles que pola súa natureza non sexa posible realizar de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato, os/as aspirantes non poderán realizar ningún sinal identificativo nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminados do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio. Esta circunstancia acordarase polo tribunal cualificador e anunciarase xunto coas cualificacións do exercicio correspondente.

O órgano de selección, se o estima oportuno, cando proceda e sexa acorde a natureza da proba, poderá establecer os criterios de valoración que desenvolvan os criterios esenciais fixados polas bases en cada exercicio, así como os parámetros para a solución dos exercicios. A fixación destes criterios e parámetros farase con carácter previo a realización da proba e serán coñecidos polos/as aspirantes antes da realización do exercicio.

7.1. FASE DE OPOSICIÓN.

A fase de oposición constará de tres probas obrigatorias e eliminatorias e unha proba de coñecemento de galego.

A) PRIMEIRA PROBA: EXAME TEORICO TIPO TEST.

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test de 50 preguntas, mais 4 de reserva, relativas aos 40 temas do Anexo I, durante un tempo máximo de 50 minutos. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos, cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. As respostas en branco non descontan. O exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio, previamente a coñecer a identidade dos aspirantes, que non poderá ser inferior a cinco (5) puntos.

Ao finalizar a proba as persoas aspirantes poderán levar unha copia do cuestionario.

Rematada a proba, o órgano de selección publicará na páxina web, na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello de Guitiriz a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas, así como os resultados da proba acadados por cada aspirante. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas, así como da súa puntuación no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

B) SEGUNDA PROBA: EXAME TEORICO DE PREGUNTAS CURTAS.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito cinco preguntas curtas relacionadas cos 40 temas do Anexo I, durante un tempo máximo de 120 minutos. Os criterios esenciais de valoración desta proba son o nivel de coñecementos, a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e a precisión na exposición.

O enunciado dos supostos será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

O órgano de selección, se o estima oportuno, poderá establecer os criterios de valoración que desenvolvan os criterios esenciais fixados polas bases en cada exercicio así como os parámetros para a solución dos exercicios. A fixación destes criterios e parámetros farase con carácter previo á realización da proba e serán coñecidos polos/as aspirantes antes da realización do exercicio.

O exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar a nota de corte esixida para superar o exercicio, que non poderá ser inferior a cinco (5) puntos. Cada pregunta puntuarase cun máximo de 2 puntos.

O exercicio realizarase por escrito respectando o anonimato.

Rematada a proba, o órgano de selección publicará na páxina web, na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello de Guitiriz os resultados da proba acadados por cada aspirante.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación da súa puntuación no taboleiro de anuncios, páxina web e sede electrónica.

C) TERCEIRA PROBA: EXAME PRACTICO.

Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos relacionado con un ou varios dos temas establecidos no Anexo I, nun tempo máximo de dúas horas. Neste exercicio valorarase a capacidade de aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados, a claridade, orde, presentación e ortografía.

O órgano de selección, se o estima oportuno, poderá establecer os criterios de valoración que desenvolvan os criterios esenciais fixados polas bases en cada exercicio así como os parámetros para a solución dos exercicios. A fixación destes criterios e parámetros farase con carácter previo á realización da proba e serán coñecidos polos/as aspirantes antes da realización do exercicio.

Os supostos prácticos terán carácter procedimental e administrativo e serán determinados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, sendo relativos ás tarefas administrativas propias da subescala. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O exercicio realizarase por escrito respectando o anonimato.

Rematada a proba, o órgano de selección publicará na páxina web, na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello de Guitiriz os resultados da proba acadados por cada aspirante.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación da súa puntuación no taboleiro de anuncios, páxina web e sede electrónica.

D) PROBA CUARTA: COÑECEMENTO DE GALEGO (sen puntuación, apto ou non apto).

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de Celga IV ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A proba consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

8ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. Con todo, sempre que o órgano de selección propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento, toma de posesión ou formalización do contrato, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria ou non tomen posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de aspirantes que superen as probas que sigan as e os propostos, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como funcionario/a de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos as persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presente a documentación requirida, ou que pola consulta dos datos das súas solicitudes ás Administracións Públicas ou do exame da documentación presentada se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na páxina web, sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Guitiriz, xunto coa proposta de nomeamento, nas prazas obxecto desta convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

En caso de empate será nomeado o/a aspirante que tivese maior puntuación na terceira proba (exame práctico) e se persiste o empate aquel que teña maior puntuación na segunda proba (exame teórico de preguntas cortas), de persistir o empate aquel que teña maior puntuación na primeira proba (exame teórico tipo test) e de seguir co empate decidirse por sorteo público.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes aos dos postos convocados. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS PARA O NOMEAMENTO.

A persoa seleccionada, no prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a resolución do proceso selectivo pola Alcaldía, deberán presentar na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- Nº de afiliación á seguridade social (Tarxeta sanitaria).
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Certificado do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Quen tivese a condición de funcionario/a público, estará exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentara a documentación esixida, non poderá ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houbese podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

10ª.- AQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, nomearase o/a aspirante propostos polo tribunal mediante resolución de alcaldía.

O/a aspirantes nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte ao que lle fora notificado o cintado nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa, de conformidade co establecido RD 707/1979, do 5 de abril. Ata que sexa nomeado e se incorpore ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

11ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACION APLICABLE.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia
- Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia.
- Serán tamén de aplicación o RD 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o RD 364/1995, do 10 de marzo, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei de Procedemento Administrativo Común (LPACAP).

12ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13ª.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

As persoas interesadas autorizan ao Concello de Guitiriz á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente de selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento de publicar a información nos termos indicados.

ANEXO I - TEMARIO

PARTE XERAL, MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- Relacións das Entidades Locais coas restantes Adminstracións Territoriais. A autonomía local.

Tema 3.- A organización do Estado na Constitución: A Coroa; o poder executivo e lexislativo.

Tema 4.- A organización territorial do Estado. Principios xerais. A distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Referencia ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 5.- O réxime local. A Administración Local na Constitución. Clases de entidades locais. A Lei de Administración Local de Galicia.

Tema 6.- A administración pública na Constitución e na Lei do Procedemento Administrativo Común. O principio de legalidade. As potestades administrativas.

Tema 7.- As fontes do dereito administrativo. O regulamento. A potestade regulamentaria. A diferenza entre acto administrativo e Regulamento.

Tema 8.- Os principios de actuación das Administracións Públicas: Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. As relacións interadministrativas.

Tema 9.- A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos da relación xurídica. O concepto de interesado. Capacidade e representación. Dereitos dos cidadáns

Tema 10.- O procedemento administrativo (I): Principios informadores. A iniciación do procedemento: Clases, subsanación e mellora de solicitudes. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.

Tema 11.- O procedemento administrativo (II): A terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O desestímulo e a renuncia. A caducidade.

Tema 12.- Os actos administrativos: Concepto, clases e elementos. Requisitos e eficacia dos actos administrativos: O principio de autotutela declarativa. Executividade dos actos. Motivación e forma.

Tema 13.- A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A demora e retroactividade da eficacia.

Tema 14.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

Tema 15.- A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A declaración de lesividade. A revocación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito.

Tema 16.- Os recursos administrativos. Recurso de Reposición; o recurso de alzada. O recurso extraordinario de revisión.

Tema 17.- Os instrumentos de organización do persoal: Cadro de persoal e relacións de postos de traballo. A oferta de emprego público. A selección dos/as empregados públicos locais.

Tema 18.- Tipoloxía e organización do persoal público. Dereitos e deberes do persoal público. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades.

Tema 19.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais: Clases e réxime xurídico. A función pública local: Clases de funcionarios/as locais, persoal laboral e eventual. O réxime disciplinario. A responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades

Tema 20.- Os dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos locais. As situacións administrativas dos/as funcionarios/as locais. A igualdade efectiva entre homes e mulleres. Os plans de igualdade.

PARTE ESPECIAL. MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 21.- O municipio (I). Concepto e elementos. O termo municipal.

Tema 22.- O municipio (II). A poboación municipal. O Padrón de Habitantes e o empadramento.

Tema 23.- A organización municipal (I). Órganos necesarios. O Alcalde: Competencias e estatuto persoal. Delegación de atribucións do Alcalde.

Tema 24.- A organización municipal (II). Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno do Concello: Composición e función.

Tema 25.- A organización municipal (III). Órganos complementarios: Comisións informativas e outros órganos. Os grupos políticos. A participación veciñal na xestión municipal.

Tema 26.- As competencias municipais: sistemas de determinación. Competencias propias, compartidas e delegadas.

Tema 27.- Os servizos mínimos municipais. A reserva de servizos.

Tema 28.- A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

Tema 29.- A potestade tributaria dos entes locais: Ordenanzas fiscais. Contido. Procedemento de aprobación das ordenanzas fiscais.

Tema 30.- Os bens das entidades locais. Clases. Prerrogativas e potestades das entidades locais respecto dos seus bens. Réxime de utilización.

Tema 31.- O orzamento das entidades locais. Estructura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento.

Tema 32.- Recursos dos municipios. Impostos. Taxas. Contribucións especiais. Prezos públicos.

Tema 33.- A potestade sancionadora local: Os principios do procedemento sancionador; peculiaridades no ámbito local de conformidade co Título XI da Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 34.- A responsabilidade patrimonial da Administración. Lesión. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

Tema 35.- Lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana. Competencia urbanística municipal.

Tema 36.- A licenza urbanística: actos suxeitos, natureza e réxime xurídico. As comunicacións previas.

Tema 37.- Protección da legalidade urbanística. Obras sen licenza ou contrarias ás súas condicións. Infraccións e sancións urbanísticas.

Tema 38.- Réxime xurídico dos contratos do sector público: especial referencia ás Administracións Públicas. Entes excluídos e incluídos na lexislación estatal de contratos. Clases de contratos e as súas características. Invalidez dos contratos. Recursos en materia de contratos. Partes nos contratos. Capacidade, solvencia, prohibicións e clasificación. Os órganos de contratación.

Tema 39.- A contratación no sector público: Obxecto. Orzamento base de licitación e valor estimado. Prezo. Revisión de prezos. Garantías. Preparación e actuacións preparatorias nos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos: especial referencia os procedementos de adxudicación e criterios de valoración. Sistemas para a racionalización da contratación do sector público. Garantías.

Tema 40.- A contratación no sector público: efectos, execución e modificación dos contratos. As prerrogativas da Administración. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Extinción dos contratos. A cesión dos contratos e a subcontratación.

ANEXO II - MODELO DE INSTANCIA

D/Dona ,
 con D.N.I. núm. , e domicilio a efectos de notificacións
 , teléfono
 e enderezo electrónico ; Nº de afiliación á Seguridade Social

Informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Guitiriz, para 1 praza de funcionario/a de carreira de administrativo/a mediante oposición libre de acordo ao anuncio de aprobación das bases e convocatoria publicadas no B.O.P. de Lugo de data , e anuncio no DOG de data e no BOE de data

DECLARA RESPONSABLEMENTE: que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula terceira de tales bases, que as copias dos documentos presentados son auténticas, e que se compromete a achegar os documentos orixinais acreditativos destes no suposto de ser seleccionado/a ou requirido/a polo Concello.

SOLICITA:

1. Ser admitido/a ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Xustificante de pago das taxas de participación.
- Xustificante da titulación esixida.
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:

- No seu caso, acreditación do Celga IV, superior ou equivalente para quedar exentos do cuarta proba.

2. Realizar as probas selectivas en (castelán ou galego).

Así mesmo (si/non) autoriza a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

En , a de de 202.....

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Guitiriz, 23 de abril de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1179

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025 acordou aprobar o expediente de modificación de créditos 2/2025, concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito do orzamento xeral do Concello de 2025, e a modificación da base 30ª de execución do presuposto. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº 77 de 03.04.2025 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	1.093.629,25
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.675.956,89
Capítulo III	Gastos Financeiros	200,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes	71.161,20
Capítulo V	Fondo de Continxencia	2.000,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	634.035,83
Capítulo VII	Transferencias de Capital	0,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00
		3.476.983,17

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	641.846,93
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	441.547,40
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.630.410,62
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	12.752,36
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	483.293,90
Capítulo VIII	Activos financeiros	242.131,96
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00
		3.476.983,17

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Lánacara, 29 de abril de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1180

AS NOGAIS
Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 4/2025 baixo a modalidade de transferencia de crédito pertencente a distinta área de gasto TC 2/2025

Quedando definitivamente aprobado o expediente 95/2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de As Nogais mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2025, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da modificación de crédito 4/2025 baixo a modalidade de transferencia de crédito pertencente a distinta área de gasto 2/2025, nos seguintes termos:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		DESCRICIÓN	Euros
Programa	Económica		
151	227	Urbanismo: planeamento, xestión e execución. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	15.120,00

Baixas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	Euros
Programa	Económica		
920	120.00	Administración xeral. Retribucións básicas. Salario do Grupo A1	6.555,31
920	121.00	Administración xeral. Retribucións complementarias. Complemento de destino	3.187,98
920	121.01	Administración xeral. Retribucións complementarias. Complemento específico	5.376,71
IMPORTE TOTAL			15.120,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R.1181

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 3/2025 baixo a modalidade de suplemento de crédito SC 1/2025

Quedando definitivamente aprobado o expediente 93/2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de As Nogais mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2025, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da modificación de crédito 3/2025 baixo a modalidade de suplemento 1/2025, nos seguintes termos

Altas en aplicacións de ingresos

ECONÓMICA	DESCRICIÓN	Euros
Concepto		
113	Imposto sobre Bens Inmóbles. Bens inmóbles de natureza urbana	45.472,33

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	Euros
Programa	Económica		
920	120.04	Persoal funcionario. Retribucións básicas. Salario C2	36.680,56
920	160.00	Persoal funcionario. Seguridade Social	8.791,77
IMPORTE TOTAL			45.472,33

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

CAPÍTULO			GASTOS			CAPÍTULO			INGRESOS		
1	Gastos de persoal	715.623,90	1	Impostos directos	249.972,33	2	Gastos correntes en bens e servizos	280.565,15	2	Impostos indirectos	7.500
3	Gastos financeiros	3.000	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	136.600	4	Transferencias correntes	13.360	4	Transferencias correntes	676.201,22
5	Fondo de continxencia	0,00	5	Ingresos patrimoniais	8.883,90	6	Investimentos reais	65.608,40	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00	8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	1.000	9	Pasivos financeiros	0,00	TOTAL			1.079157,45 €		

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1182

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente 68/2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de As Nogais mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2025, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da modificación do cadro anexo de persoal do orzamento xeral do exercicio 2025, nos seguintes termos, así como o anexo de persoal onde se valoran economicamente as prazas que se inclúen no cadro de persoal no relativo a persoal funcionario [...]:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	Grupo	CD	XORNADA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	26	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Subalterno	1	E	13	100%	Ocupada
Arquitecto/a Municipal	1	A1	22	37,33%	Vacante dotada orzamentariamente
Auxiliar administrativo	1	C2	14	100%	Vacante dotada orzamentariamente

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada significando que, contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1183

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación das bases de execución do orzamento. Relación nominal de subvencións.

Quedando definitivamente aprobado o expediente 80/2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de As Nogais mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2025, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da modificación do anexo das bases de execución do orzamento de 2025, Relación nominal de subvencións, cos beneficiarios, obxecto e importe relacionados:

Beneficiario	Obxecto	CIF	Aplicación orzamentario	Importe
Asociación xuvenil Os Xardóns	Organización de festas	G272635 81	338.48900	8.000 euros

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1184

OUTEIRO DE REI

Anuncio

D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, someto a exposición pública o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 24 de abril de 2025:

“MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DE ORZAMENTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ANO 2025

Dacordo co disposto na disposición transitoria sétima de la Lei 27/13, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de la administración local, “ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga por la correspondente Lei de Orzamentos xerais del Estado, excepcionalmente, cando en las Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, la imposibilidade de que las funciones de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira de la Deputación Provincial o entidades equivalentes, dacordo con o previsto no artigo 36 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, o cando quede acreditado que isto no resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos en la Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Deputacións Provinciais o entidades equivalentes”.

Chegado o 1 de xaneiro de 2017 sen que se prorrogase a anterior disposición, e non arbitrándose ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local.

A solución pasa por crear un posto de Tesourería reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, ben sexa propio do concello, ben a través dunha das agrupacións previstas no artigo 11 del Decreto 49/2009, del 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Así, o artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, regula os postos de tesourería, nos seguintes termos:

Artigo 14. Tesourería.

1. Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira o segunda clase, existirá un posto de traballo denominado Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa de las funciones enumeradas nel artigo 5 deste real decreto.

2. Os postos a que se refire el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesourería.

3. As Entidades Locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 2.^a e 3.^a, poderán agruparse entre si para o sostemento en común dun posto único de Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

Polo tanto, como consecuencia da Baixa por xubilación de quen na actualidade ocupa o posto de Administrativo-Tesoureiro, este concello ten a obriga legal de crear o posto de Tesoureiro Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Trátase dunha obriga imposta pola DT7º da Lei 27/13.

Esta esixencia conleva a necesaria modificación (3º) da RPT deste Concello de Outeiro de Rei para regular de forma independente o posto de Tesoureiro e o posto xa existente de administrativo (sen a especialidade da Tesourería)

O novo posto de Tesoureiro será do Grupo A1, nivel de CD 28 e o CE o mesmo que na actualidade ten o posto de Administrativo-Tesoureiro pola razón de que as funcións que se lle asignan na ficha da RPT ó novo posto de Tesoureiro son exactamente as mesmas que ten na actualidade o posto de Administrativo-tesoureiro, e esas funcións xa foron valoradas oportunamente na Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente e publicada esta aprobación definitiva no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2020., cunha puntuación asignada de 75 puntos.

Respecto a praza de administrativo existente, esta queda con funcións xerais de posto de Administrativo sen a especialidade de Tesourería, o que implica que se iguallen os complementos específicos aos restantes postos de administrativos existentes cunha puntuación de 55 puntos. No caso concreto do funcionario afectado disfrutará dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE.

Respecto á praza de alguacil – conserxe, amortízase esta por non ser imprescindible a súa cobertura tras a ampliación de función no posto de vixiante acordada polo Pleno da Corporación en sesión de abril de 2024 e aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o 21 de xuño de 2024.

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente o Pleno do Concello de Outeiro de Rei acordou:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei publicada a súa aprobación definitiva en BOP de Lugo de 17 de setembro de 2024, en relación ao Anexo Funcionarios I:

1.1.- Para que o posto de Tesoureiro pase a estar cuberto por funcionario de Administración Local con habilitación de carácter Nacional, coas retribucións:

Soldo a 14 mensualidades: 17560,44€, CD a 14 mensualidades: 16226,84€, CE a 14 mensualidades: 23.019,50

1.2.- Para que o posto de Administrativo-Tesoureiro se converta en Administrativo coas seguintes retribucións:

Soldo a 14 mensualidades: 11826,64€, CD a 14 mensualidades: 8540€, CE a 14 mensualidades: 18184,32€

Disfrutará o funcionario dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE, ata a súa xubilación.

1.3.- Amortízase a praza de alguacil

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios para alegacións por prazo de 15 días hábiles, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

3º.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Outeiro de Rei, 29 de abril de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1185

Anuncio

D. José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei someto a información pública o acordo aprobado inicialmente en sesión plenaria de 24 de abril de 2025.

“MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (3º)

AMORTIZACIÓN DO POSTO DE ALGUACIL-PORTEIRO, CREACIÓN DO POSTO DE TESOUREIRO POR MANDATO LEGAL (MANTENDO O POSTO DE ADMINISTRATIVO)

.- Relación de Postos de traballo do Concello de Outeiro de Rei aprobada definitivamente e publicada a aprobación definitiva en data 2 de decembro de 2020.

.- 1º modificación do documento da Relación de Postos de Traballo publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022

.- 2º.- modificación do documento da Relación de Postos de Traballo publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 21 de xuño de 2024.

ANTECEDENTES

Dacordo co disposto na disposición transitoria sétima de la Lei 27/13, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de la administración local, *“ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga por la correspondente Lei de Orzamentos xerais del Estado, excepcionalmente, cando en las Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, la imposibilidade de que las funciones de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira de la Deputación Provincial o entidades equivalentes, #de acordo con o previsto nel artigo 36 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, o cando quede acreditado que isto no resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos en la Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Deputacións Provinciais o entidades equivalentes”*.

Chegado o 1 de xaneiro de 2017 sen que se prorrogase a anterior disposición, e non arbitrándose ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local.

A solución pasa por crear un posto de Tesourería reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, ben sexa propio do concello, ben a través dunha das agrupacións previstas no artigo 11 del Decreto 49/2009, del 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Así, o artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, regula os postos de tesourería, nos seguintes termos:

Artigo 14. Tesourería.

1. Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira o segunda clase, existirá un posto de traballo denominado Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa de las funciones enumeradas nel artigo 5 deste real decreto.

2. Os postos a que se refire el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesourería.

3. As Entidades Locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 2.ª e 3.ª, poderán agruparse entre si para o sostemento en común dun posto único de Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

Polo tanto, como consecuencia da Baixa por xubilación de quen na actualidade ocupa o posto de Administrativo-Tesoureiro, este concello ten a obriga legal de crear o posto de Tesoureiro Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Trátase dunha obriga imposta pola DT7º da Lei 27/13.

Esta esixencia conleva a necesaria modificación (3º) da RPT deste Concello de Outeiro de Rei para regular de forma independente o posto de Tesoureiro e o posto xa existente de administrativo (sen a especialidade da Tesourería)

O novo posto de Tesoureiro será do Grupo A1, nivel de CD 30 e o CE o mesmo que na actualidade ten o posto de Administrativo-Tesoureiro pola razón de que as funcións que se lle asignan na ficha da RPT ó novo posto de Tesoureiro son exactamente as mesmas que ten na actualidade o posto de Administrativo-tesoureiro, e esas funcións xa foron valoradas oportunamente na Relación de Postos de Traballo aprobada

definitivamente e publicada esta aprobación definitiva no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2020., cunha puntuación asignada de 75 puntos.

Respecto a praza de administrativo existente, esta queda con funcións xerais de posto de Administrativo sen a especialidade de Tesourería, o que implica que se igualem os complementos específicos aos restantes postos de administrativos existentes cunha puntuación de 55 puntos. No caso concreto do funcionario José Manuel Rivas Martínez disfrutará dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE.

Respecto á praza de alguacil – conserxe, amortízase esta por non ser imprescindible a súa cobertura tras a ampliación de función no posto de vixiante acordada polo Pleno da Corporación en sesión de abril de 2024 e aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o 21 de xuño de 2024.

Acompáñase a este documento a Relación de Postos de Traballo coas modificacións que se proponen.

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente o Pleno do Concello de Outeiro de Rei acordou:

1º.- Aprobado inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (3º) no que se refire á creación do posto de Tesourería – funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a equiparación da praza de administrativo ás restantes prazas de administrativo e a amortización do posto de alguacil-conserxe.

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia

Esta modificación entrará en vigor logo da publicación no BOP de Lugo da aprobación definitiva e conforme o disposto para o posto de Tesoureiro no artigo 9 do Decreto 9/2009 da Xunta de Galicia

Outeiro de Rei, 29 de abril de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1186

Anuncio

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei (Lugo):

Nome e apelidos do/da interesado/a	NIF/CIF	Nº expediente	Polígono e parcela
María Esther Gómez Román	***4682**	183/2023	Polígono 14, parcela 494
Herdeiros de Concepción Gadín Granda	***0857**	493/2024	Polígono 12, parcela 293
En investigación	Non consta	493/2024	Polígono 17, parcela 365
Herdeiros de Manuel Varela Peteiro	***8659**	6/2025	Polígono 53, parcela 63
Maria Sangillao Domínguez	Non consta	6/2025	Polígono 1, parcela 71
Herdeiros de Basilisa Nuñez Vila	***7938**	6/2025	Polígono 1, parcela 73
Dositeo Corral Meilán	***3485**	7/2025	Polígono 88, parcela 105 Polígono 88, parcela 108
Herminia Lombao Díaz	***6064**	8/2025	Polígono 91, parcela 10041
Valentina López Román	***3470**	8/2025	Polígono 91, parcela 10016
Herdeiros de Isabel Blanco Lombao	***0679**	8/2025	Polígono 94, parcela 369
En investigación	Non consta	9/2025	Polígono 80, parcela 20
Herdeiros de Teresa Josefa Lage Martínez	***5789**	11/2025	Polígono 100, parcela 198
Manuel Fernández López	***6179**	11/2025	Polígono 10, parcela 243
Manuel Roibas Torres	***0075**	40/2025	Polígono 38, parcela 489
María Paz Trigo Lage	***7764**	47/2025	Polígono 108, parcela 166

José Lage Varela	***4367**	48/2025	Polígono 108, parcela 180
En investigación	Non consta	67/2025	Polígono 42, parcela 644
María Sagrario González Roibas	***3043**	68/2025	Polígono 34, parcela 82 Polígono 34, parcela 84
Rubén Seco Feijoo	***2914**	118/2025	Polígono 109, parcela 393
Elisa Teijeiro Seoane	***0685**	119/2025	Polígono 80, parcela 170
José Parga Sánchez	***0685**	157/2025	Polígono 94, parcela 130
José Meilán Seijas	***3516**	157/2025	Polígono 93, parcela 3
José Montes Silvosa	Non consta	245/2025	Polígono 24, parcela 297
Francisco José Vázquez Núñez	***3458**	249/2025	Polígono 24, parcela 35
Ramona Franco Castro	***0002**	249/2025	Polígono 24, parcela 36

Dacordo co artigo 22.3 da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, faise saber que na tramitación administrativa dos expedientes de Xestión de Biomasa tanto a través das denuncias remitidas polas autoridades autonómicas (Inspectores Forestais e Policía adscrita á Autonomía Galega) como a través das denuncias de particulares, non puideron practicarse notificacións aos/ás seguintes interesados/as ou ben se descoñece a identidade das/dos titulares das parcelas. A efectos do mesmo artigo, o prazo de cumprimento das obrigas recollido no art. 22.2 da Lei 3/2007, de 9 de abril, comeza a computar dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Outeiro de Rei, 30 de abril de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1187

RIBADEO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente tramitado para provisión dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local. Laboral fixo.

Vistas as solicitudes formuladas para a participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

RESOLVO:

1º. Prestar aprobación á seguinte listaxe de **persoas admitidas e excluídas** no proceso selectivo:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	Idioma Galego
Gómez Medín, Marcos	Aporta CELGA

2º.- Outorgar prazo para reclamacións por **dez días** a contar desde a publicación desta Resolución no BOP de Lugo.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, do que eu, Secretario en funcións, dou fe.

Ribadeo, 29 de abril de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez. O SECRETARIO, José A. Carro Asorey.

R. 1188

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/100, de data 25 de abril, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 25 de abril de 2025.- O Alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1189

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/101, de data 25 de abril, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 25 de abril de 2025.- O Alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1190

O VICEDO*Anuncio***EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 22 de abril de 2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo

será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 25 de abril do 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1191